

Poema

María REIMÓNDEZ

Poemas para Sara

Non creo que poida haber ruptura máis longa, Sara,
que agora, este momento,
no que o teu corpo se desprende da esperanza.

Xogaron contigo
a pel a tiras
con nós
que che fixeron?
só queda un pequeno anaco
de ADN
que di que es ti.
Nas rúas as mulleres
levamos caras de loito
o teu corpo inscrito
nos corpos de todas.
Sara.

Eu non quero seguir recordando máis nomes
como recordo o teu.
Con ira e as pernas apertadas.

Agora xa non vale berrar.
Só nos asiste a ira das amazonas
que confían no bosque
porque non hai paz en ningures.
Pero
non máis refuxiarse na montaña.
Á rúa, mulleres.
Á rúa, nós
só nós
podemos facela segura.
Porque nunca nós
fariamos tal.

Querería vinganza
pero eu
non creo ter dereito sobre ti
excepto o da xustiza.
Quero a túa cara,

o teu nome e apelidos.
Eu non creo que sexas meu para matarte
como criches ti con Sara.
Eu non creo na violencia
do teu poder.
Quero a túa cara
pero a túa cara non me cega
a túa cara non es só ti
é a cara da sociedade que facemos
día tras día.

En Vigo, Sara.
En cada lugar
a súa pequena traxedia
nun pingar de a modiño
facendo, sen verse,
a grande traxedia
da Humanidade.
Nosoutras.